

NORMATIVA LIGA GALEGA DE WATER-POLO

Tempada 2008 - 2009 - Circular 08-33

Establécense as seguintes competicións:

LIGA GALEGA ABSOLUTA MASCULINA (sen límites de idade).

LIGA GALEGA ABSOLUTA FEMININA (sen límites de idade)

LIGA GALEGA XUVENIL (nacidos/as nos anos 1991 e posteriores)

LIGA GALEGA CADETE (nacidos/as nos anos 1993 e posteriores)

LIGA GALEGA INFANTIL (nacidos/as nos anos 1995 e posteriores)

LIGA GALEGA ALEVÍN (nacidos/as no ano 97 e posteriores)

1.- Inscripcións

1.1.- A participación está aberta a todos os clubs afiliados á FEGAN con licenzas en vigor e que se inscriban no prazo establecido.

1.2.- Todos os equipos deberán inscribirse na o sede da FEGAN antes do **15 de setembro** de 2008, xa que o 16 de setembro efectuarase o sorteo de emparellamentos fixando o calendario cos equipos inscritos. Debendo presentar o modelo do **ANEXO**, antes do **1 de outubro**. A non cumprimentación da inscrición nos prazos establecidos, suporá a non participación no Campionato de Liga.

1.3.- Inscripción na LIGA GALEGA ABSOLUTA MASCULINA: deberá acompañarse coa tramitación das licenzas de 1 directivo, 1 técnico e, polo menos, 10 deportistas.

1.4.- Inscripción na LIGA GALEGA ABSOLUTA FEMININA: deberá acompañarse coa tramitación das licenzas de 1 directivo, 1 técnico e, polo menos, 10 deportistas. (Se se realizase a inscrición dun equipo pertencente a un club que tamén realizase inscrición á Liga Galega Absoluta e/ou Xuvenil de acordo aos puntos 1.3. ao 1.5, poderá non facerse a licenza do directivo e o técnico, aínda que deberán figurar no impreso de inscrición).

1.5.- Inscripción na LIGA GALEGA XUVENIL: deberá acompañarse coa tramitación das licenzas de 1 directivo, 1 técnico e, polo menos, 10 deportistas. (Se se realizase a inscrición dun equipo pertencente a un club que tamén realizase inscrición á Liga Galega Absoluta, poderá non facerse a licenza do directivo e o técnico, aínda que deberán figurar no impreso de inscrición).

1.6.- Inscripción na LIGA GALEGA CADETE: deberá acompañarse coa tramitación das licenzas de 1 directivo, 1 técnico e, polo menos, 10 deportistas. (Se se realizase a inscrición dun equipo pertencente a un club que tamén realizase inscrición á Liga Galega Absoluta e/ou Xuvenil de acordo aos puntos 1.3. ao 1.6, poderá non facerse a licenza do directivo e o técnico, aínda que deberán figurar no impreso de inscrición).

1.7.- Inscripción na LIGA GALEGA INFANTIL: deberá acompañarse coa tramitación das licenzas de 1 directivo, 1 técnico e,

polo menos, 10 deportistas. (Se se realizase a inscrición dun equipo pertencente a un club que tamén realizase inscrición á Liga Galega Absoluta e/ou Xuvenil de acordo aos puntos 1.3. ao 1.6, poderá non facerse a licenza do directivo e o técnico, aínda que deberán figurar no impreso de inscrición).

1.8.- Inscrición na LIGA GALEGA ALEVIN: deberá acompañarse coa tramitación das licenzas de 1 directivo, 1 técnico e, polo menos, 8 deportistas. (Se se realizase a inscrición dun equipo pertencente a un club que tamén realizase inscrición á Liga Galega Absoluta e/ou Xuvenil de acordo aos puntos 1.3. ao 1.6, poderá non facerse a licenza do directivo e o técnico, aínda que deberán figurar no impreso de inscrición).

1.9.- Poderán incorporarse xogadores á relación inicial sinalada nos puntos anteriores sen límite de xogadores. As inscricións de novos xogadores deberán acompañarse coa tramitación da correspondente licenza, debendo realizarse dito trámite con, polo menos, 10 días naturais de antelación ao primeiro partido que poida disputar na categoría / liga para a que foi inscrito.

1.10.- Un xogador pode estar inscrito e participar, simultaneamente, en categoría absoluta, categoría xuvenil e categoría infantil, co único requisito da idade indicada para estas últimas categorías

1.11.- En caso de non haber unha LIGA GALEGA FEMININA, as mozas poderán xogar nas ligas femininas co único requisito da mesma idade indicada para cada categoría.

2.- Fórmula de competición

2.1.- A competición desenvolverase tomando como modelos os distintos Sistemas de Competición. O Sistema de Competición determinarase en función do número de equipos inscritos.

2.2.- Duración dos partidos:

Liga Absoluta: cada tempo durará 8 minutos.

Liga Xuvenil: cada tempo durará 7 minutos.

Liga Cadete: cada tempo durará 6 minutos.

Liga Infantil: cada tempo durará 6 minutos.

Liga Alevín: cada tempo durará 5 minutos.

2.3.- Cando se enfronten 2 clubs con categorías inferiores, estas poderanse agrupar sempre que estean de acordo ámbolos clubs. Para iso remitirémonos ao momento 2 do Regulamento Xeral de Wáter-polo que di que todos os clubs terán que poñelo en coñecemento da FEGAN. Agruparán na mesma xornada 2 competicións, 3 competicións, 4 competicións ou 5 competicións ou sexa Alevín, Infantil, Xuvenil e Absoluta (Masculina e Feminina) xogando os partidos un tras outro.

3.- Calendario e horarios

3.1.- As ligas comezarán entre o 11 e o 19 de outubro de 2008, e desenvolveranse conforme ao calendario correspondente.

3.2.- O sistema de puntuación será o recollido na normativa xeral.

3.3.- O tempo de cortesía, por se houberse atraso dalgún dos participantes, será de 30 minutos contados a partir da hora de comezo sinalada.

3.4.- O calendario de Liga Galega Absoluta axustarase en función do Campionato de España de Waterpolo de 3ª División (antes do mes de abril). O equipo que represente a Galicia no Campionato de España de Waterpolo de 3ª División será o gañador da Liga Galega Absoluta de Wáter-polo do presente ano. No caso de que a RFEN modifique a data do Campionato de España de Waterpolo de 3ª División unha vez que a Liga Galega xa estea empezada e celébrese antes de que esta finalice, irá o equipo que gañe a última Liga Galega Absoluta de Wáter-polo.

3.5.- Os equipos que representen a Galicia nos Campionatos de España de Waterpolo por clubs Infantil e/ou Xuvenil serán os gañadores das súas respectivas Ligas Galegas do presente ano, polo que estas ligas deberán rematar antes de que se celebren os respectivos Campionatos de España.

4.- Obrigas dos equipos

4.1.- A piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes polo menos 30 minutos antes da hora fixada para o comezo dos partidos.

4.4.- Os árbitros dos partidos serán designados pola FEGAN que se encargará do pago do desprazamento e aloxamento caso de ser necesario. O club local pagará a cota de arbitraje correspondente a cada árbitro e os auxiliares de mesa.

4.5.- Os delegados de cada equipo, que deberán estar en posesión da Licenza Deportiva en vigor para a tempada, deberán entregar na secretaría da competición a relación de licenzas dos deportistas que van participar, e que obrará en poder de devandita Secretaría ata que os Árbitros do partido dean por finalizado o mesmo e as actuacións que consideren oportunas.

4.6.- O equipo anfitrión indicará á Secretaría da competición, antes do inicio do partido, quen é o DELEGADO DE CAMPO.

4.7.- O equipo anfitrión deberá dispor de actas, 3 cronómetros e as bandeiras de sinalización, e disporá conforme ás obrigacións que se especifican no Regulamento Xeral. (Sen prexuízo do anteriormente especificado, o equipo arbitral disporá sempre de actas para os partidos e chifres).

5.- Títulos e premios

5.1.- O título de campión de liga obterao aquel que obteña máis puntos de acordo con lle sistema de puntuación da normativa xeral (Libro IV das Competicións, artigos 21 e 22).

5.2.- Entregaranse trofeos aos campións de cada liga.

A Coruña, 27 de Xuño de 2008

Secretaría Xeral FEGAN

Anexo:

Liga Galega De Wáter-Polo					
Formulario de inscripción -Tempada 2008 - 2009					
Club / Equipo :					
Nome persoa de contacto:					
Indicar a categoría na que se inscribe:					
ABSOLUTA MASCULINA			ABSOLUTA FEMININA		
XUVENIL			INFANTIL		
CADETE			ALEVÍN		
DEPORTISTAS					
	Apelidos	Nome	D. Nacemento	N. Licenza	N. Gorro
1.					
2.					
3.					
4.					
5.					
6.					
7...					
8.					
9.					
10.					
11.					
12.					
13.					
14.					
15.					
16.					
17.					
18.					
19.					
20.					
TÉCNICOS					
	Apelidos	Nome		N. Licenza	
1.					
2.					
3.					
DIRECTIVOS / DELEGADOS					
	Apelidos	Nome		N. Licenza	
1.					
2.					
3.					

CLUB: Sinatura e Selo

FEGAN



FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN

Avenida de Glasgow, 13

CP 15008 - A Coruña